

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

- 12267** *Real decreto lei 7/2016, do 23 de decembro, polo que se regulan o mecanismo de financiamento do custo do bono social e outras medidas de protección ao consumidor vulnerable de enerxía eléctrica.*

I

A Directiva 2009/72/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, sobre normas comúns para o mercado interior da electricidade e pola que se derroga a Directiva 2003/54/CE, destaca a importancia de que os Estados membros adopten as medidas necesarias para protexeren os consumidores vulnerables no contexto do mercado interior da electricidade. Así, sinala expresamente que poderán incluír medidas específicas relacionadas co pagamento das facturas de electricidade ou medidas máis xerais adoptadas dentro do sistema de seguridade social.

En España, a medida máis relevante de protección a este colectivo de consumidores é o denominado bono social. O bono social é o desconto que os comercializadores de referencia deben aplicar aos consumidores vulnerables que poidan quedar acollidos a este porque cumpran coas características sociais e poder adquisitivo que mediante real decreto do Consello de Ministros se determinen. Para estes efectos, no número 2 do artigo 45 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, prevese a definición dun límitar referenciado a un indicador de renda per cápita familiar.

O financiamento do custo que o bono social comporta para os comercializadores que están obrigados á súa aplicación configurouse en España desde os seus inicios como unha obriga de servizo público, segundo o disposto na Directiva 2009/72/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009.

Na configuración recollida na dicción orixinal do artigo 45.4 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, impoñíasellos a obriga de servizo público de financiamento do custo do bono social ás entidades que desenvolvesen simultaneamente as actividades de producción, distribución e comercialización de enerxía eléctrica. No Real decreto 968/2014, do 21 de novembro, polo que se desenvolve a metodoloxía para a fixación das porcentaxes de repartición das cantidades que se financiarán relativas ao bono social e que establece as bases para o cálculo das porcentaxes, recollíase o desenvolvemento normativo da Lei 24/2013, do 26 de decembro.

A Sala Terceira do Tribunal Supremo ditou diversas sentenzas que, estimando os recursos interpostos contra o Real decreto 968/2014, do 21 de novembro, declaran inaplicable o réxime de financiamento do bono social establecido no artigo 45.4 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, e iso por entender que resulta incompatible coa Directiva 2009/72/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, sobre normas comúns para o mercado interior da electricidade e que derroga a Directiva 2003/54/CE. Como consecuencia, declaran igualmente inaplicables e nulos os artigos 2 e 3 do Real decreto 968/2014, do 21 de novembro, que desenvolven o citado artigo 45.4 da Lei 24/2013, e recoñécenllas ás recorrentes o dereito a seren reintegradas das achegas realizadas en tal concepto.

A inaplicación así declarada fai que se deba regular unha nova forma de financiamento do bono social. Isto deberase facer con carácter urgente, en canto que o propio bono social, configurado como un desconto sobre o prezo voluntario para o pequeno consumidor, non se viu afectado pola sentenza e, en consecuencia, segue aplicándose na facturación aos consumidores vulnerables que teñen dereito a isto. Para tal fin, neste real decreto lei recóllese unha modificación do artigo 45 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, co obxecto de establecer un novo mecanismo de financiamento do bono social, definindo os suxeitos

que deben realizar as achegas necesarias e o criterio para realizar o cálculo das porcentaxes da súa respectiva contribución.

O mecanismo de financiamento do bono social que así se aproba ten o seu fundamento, por unha parte, no artigo 31.3 da Constitución española, que faculta a imposición de prestacións patrimoniais de natureza pública mediante lei, e, por outra, no artigo 3.2 da Directiva 2009/72/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, antes referida, relativo a obrigas de servizo público e protección do cliente, no cal se dispón que, no pleno respecto das disposicións pertinentes do Tratado, e en particular do seu artigo 86, os Estados membros poderán imponer ás empresas eléctricas, a prol do interese económico xeral, obrigas de servizo público que se poderán referir á seguridade, incluída a seguridade da subministración, á regularidade, á calidade e ao prezo das subministracións, así como á protección do ambiente, incluídas a eficiencia enerxética, a enerxía procedente de fontes renovables e a protección do clima. Así mesmo, engade que estas obrigas de servizo público deberán definirse claramente, ser transparentes, non discriminatorias e controlables, e garantir ás empresas eléctricas da Comunidade o acceso, en igualdade de condicións, aos consumidores nacionais.

Nesta regulación tomáronse como punto de partida os mecanismos previamente existentes e os pronunciamentos contidos nas resolucións xudiciais que os revisaron, co obxectivo de determinar un sistema de financiamento que se axuste ás exixencias resultantes do artigo 3.2 da referida directiva.

Desta forma impõe, como obriga de servizo público, a asunción do custo do bono social ás matrices dos grupos de sociedades que desenvolvan a actividade de comercialización de enerxía eléctrica, ou ás propias sociedades que así o fagan, se non forman parte de ningún grupo societario. É evidente que o mecanismo do bono social, ao dirixirse directamente a determinados consumidores e traducirse, como se dixo, no aboamento por estes dun prezo inferior pola electricidade consumida a través dun desconto aplicado polo comercializador na respectiva factura, se encontra estreitamente vinculado á actividade de comercialización. Resulta por isto plenamente lóxico que sexa precisamente o conxunto dos suxeitos que realizan esta actividade, coa cal está directamente vinculada a medida, os obrigados a soportar o custo que comporta.

Esta obriga impõe, no caso das comercializadoras que formen parte de grupos de sociedades, ás respectivas matrices e isto por razóns de carácter técnico orientadas a unha mellor xestión. Neste sentido, débese ter presente que moitas das tales matrices (que non así as comercializadoras integrantes do grupo) son xa suxeitos do sistema de liquidacións do sector eléctrico, que actualmente xestiona a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia (CNMC) como órgano encargado delas, o que simplificará a xestión das súas achegas. Por outro lado, e dado que, con notable frecuencia, un mesmo grupo de sociedades pode integrar varias empresas comercializadoras de enerxía eléctrica, normalmente con distintos segmentos ou tipoloxías de consumidores ou asentadas en distintas áreas rexionais, coa imposición da obriga á matriz do grupo facúltase unha xestión conxunta e de maneira agregada da contribución para o financiamento do bono social, o que redunda nunha xestión máis eficiente dela.

En todo caso, sen prexuízo de que, como se dixo, a medida obxecto de financiamento garde directa relación coa actividade de comercialización, o que, en por si, xustifica que tal obriga se faga recaer concretamente sobre a totalidade das sociedades que desenvolven a dita actividade, existen razóns adicionais que avalan que non se faga extensiva aos suxeitos que exercen outras actividades no sector eléctrico, tales como a xeración, o transporte e a distribución.

En efecto, as actividades de redes, a saber, transporte e distribución, son polas súas características monopolios naturais, e a súa actividade céntrase no desenvolvemento e mantemento das redes eléctricas, así como na súa xestión. Como tales, teñen un réxime de retribución regulada que cobre unha retribución financeira sobre os investimentos realizados e unha retribución por custos de operación e mantemento. Esta retribución encóntrase incluída entre as partidas de custos do sector eléctrico que se determinan na Lei 24/2013, do 26 de decembro, e debe ser sufragada con cargo ás peaxes de acceso ás

redes de transporte e distribución satisfeitas polos consumidores e os produtores, así como polos axentes polas exportacións de enerxía a países non comunitarios. Polo tanto, a imposición da obriga de financiamento do bono social a estes suxeitos, deixando á marxe a súa falta de relación directa co obxecto da medida analizada, obrigaría ao seu necesario recoñecemento como un custo máis da súa actividade e, polo tanto, á súa incorporación á retribución regulada que lles é asignada e á súa consecuente translación aos consumidores (mesmo aos propios consumidores vulnerables beneficiados polo bono social) a través das referidas peaxes de acceso, o que viría neutralizar a finalidade perseguida coa medida.

Algo parecido ocorrería para as instalacións de producción de enerxía eléctrica con réxime retributivo específico, isto é, a xeración a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos con réxime primado, cuxa retribución constitúe tamén un dos custos do sector eléctrico que deben ser cubertos con cargo aos seus ingresos. En efecto, no caso de que se impoña a estos suxeitos a obriga de contribuír á repartición do custo do bono social (e deixando novamente á marxe a súa falta de relación directa coa propia medida e cos seus destinatarios), a contía que en tal concepto lles corresponda sufragar debería ser recoñecida de forma directa como custo na súa retribución á operación, co consecuente traslado aos consumidores de tal custo a través das peaxes de acceso. E se se debe excluír o financiamento por este colectivo, debe igualmente excluírse que poidan contribuír a el aquellas outras instalacións de xeración que non dispoñan de réxime retributivo específico, en canto que iso introduciría unha evidente diferenza de trato dentro da mesma actividade de xeración.

Por iso, e tendo en conta, ademais, que o obxectivo principal da regulación actual é a recuperación coa máxima eficacia de todos os custos do bono social, a alternativa recollida neste real decreto lei, isto é, o financiamento por parte dos suxeitos vinculados á actividade de comercialización de enerxía eléctrica, móstrase como a máis adecuada e concordante coa natureza e finalidade perseguida polo bono social. En todo caso, a dita obriga non ten carácter permanente e prevese que se procederá á súa revisión, polo menos cada catro anos, para adecuala á situación do sector eléctrico.

Ademais diso, e en consonancia coas exixencias resultantes da Directiva 2009/72/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, segundo a cal as obrigas de servizo público deben definirse claramente, ser transparentes, non discriminatorias e controlables, mantéñense as previsións xa recollidas no artigo 45 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, a este respecto. Así, e co fin de que a repartición sexa equitativa, establecécese que a recíproca participación de cada unha das empresas ou matrices de grupos de empresas na asunción do custo sexa proporcional á porcentaxe que corresponda sobre unha contía calculada considerando o número de clientes aos cales subministran.

Con iso, a repartición do custo do bono social realizaase sobre a cota de mercado dos suxeitos que realizan a actividade de comercialización obtida a partir do número de clientes a que subministran. Neste sentido, non cabe obviar que o número de clientes ou subministracións se toma como referencia tamén na Directiva 2009/72/CE, do 13 de xullo de 2009, para exceptuar de determinadas obrigas aquelas empresas, neste caso de distribución, con menos de 100.000 clientes, e constitúe tamén o parámetro determinante da atribución da condición de comercializador de referencia, de acordo co Real decreto 216/2014, do 28 de marzo, polo que se establece a metodoloxía de cálculo dos prezos voluntarios para o pequeno consumidor de enerxía eléctrica e o seu réxime xurídico de contratación.

De igual modo, co fin de asegurar a permanente adecuación da repartición ás concretas circunstancias do sector e posibilitar o seu público coñecemento e eventual control, establecécese que a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia calculará anualmente, sen prexuízo da súa ulterior aprobación polo ministro de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, as porcentaxes de repartición aplicables e dará publicidade á información empregada para iso.

## II

Ademais do anterior, este real decreto lei afonda nas medidas de protección aos consumidores de enerxía eléctrica que son vulnerables a que se alude na Directiva 2009/72/CE, do 13 de xullo de 2009.

En primeiro lugar, modifícase o artigo 45 da mencionada lei, nos seus números 1, parágrafo segundo, e 3, co obxectivo de clarificar respectivamente, por un lado, que a definición de consumidores vulnerables poderá incluír distintos colectivos de vulnerables atendendo ás súas características sociais e poder adquisitivo, e aos límites de renda que se establezan, tal e como prevé o número 2 do propio artigo 45. Por outro, e consecuencia do anterior, que o valor base sobre o cal se aplique o bono social poderá ser distinto segundo as categorías de consumidores vulnerables que se establezan, que seguirá denominándose tarifa de último recurso e que poderá haber máis dunha.

En segundo lugar, créase como novidade unha nova categoría na lista de subministracións de enerxía eléctrica que teñen carácter de esenciais segundo o artigo 52 da Lei 24/2013, do 26 de decembro. Así, recóllese que as subministracións a consumidores que teñan a condición de vulnerables severos acollidos a tarifas de último recurso e que estean sendo atendidos polos servizos sociais das administracións públicas competentes en relación coas ditas subministracións, por encontrarse, en atención á súa renda, en risco de exclusión social, terán carácter de esenciais. Estas subministracións circunscribiranse a persoas físicas na súa vivenda habitual e o cumprimento dos requisitos indicados deberá ser acreditado mediante documento expedido polos servizos sociais das referidas administracións públicas.

En terceiro lugar, compleméntase esta definición con outras modificacións no artigo 52 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, relativas á excepción para este colectivo de consumidores vulnerables severos da aplicación das previsións relativas á suspensión da subministración, así como da aplicación de recargas ou afectación polas empresas distribuidoras dos pagamentos que perciban daqueles dos seus clientes que teñan subministracións vinculadas a servizos declarados como esenciais en situación de morosidade.

Así mesmo, a asunción parcial do custo que poida derivar da subministración de enerxía eléctrica a este novo colectivo de subministracións esenciais configúrase como unha nova obriga de servizo público, segundo o disposto na dita Directiva 2009/72/CE, do 13 de xullo de 2009, sobre normas comúns para o mercado interior da electricidade e pola que se derroga a Directiva 2003/54/CE. Esta obriga será asumida, en atención ás razóns antes expostas, polos mesmos suxeitos aos cales lles corresponde a repartición do custo do bono social nos termos que resultan da nova redacción do artigo 45 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, introducida pola presente disposición.

As achegas que se deban realizar por este concepto estarán diferenciadas das que correspondan ao bono social e terán un límite máximo que se fixará mediante orde do ministro de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos. As ditas achegas terán carácter parcial ou de cofinanciamento e complementarán as que realicen as administracións públicas competentes encargadas de atender as subministracións que se identifiquen en situación de risco de exclusión social.

Estableceranse regulamentariamente os mecanismos e as actuacións necesarios para a asignación das ditas achegas.

En cuarto lugar, e no mesmo artigo 52 antes mencionado, amplíase ata catro meses o prazo para suspender a subministración en caso de impagamento para os consumidores vulnerables que se determinen regulamentariamente.

Os termos e as condicións para a aplicación das novas previsións desta lei estableceranse regulamentariamente. Actualmente, estes procedementos encóntranse regulados principalmente no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica.

Desta forma, e de acordo co artigo 45.2 da citada Lei 24/2013, do 26 de decembro, e co artigo 2 deste real decreto lei, procederanse á definición de diversas categorías de consumidores vulnerables, incluíndo os severos, cuxa subministración se considera esencial nos termos da alínea j) do artigo 52.4. A definición destas categorías responderá a criterios de renda, atenuados en atención ás circunstancias persoais e familiares de cada fogar, que se poderán referir ao número de membros da unidade familiar, á presenza nel de menores a cargo ou discapacitados, entre outras cuestiós. Adicionalmente, no ámbito da protección e reforzo da transparencia na contratación dos consumidores vulnerables, introduciranse melloras nos procedementos de suspensión da subministración de enerxía eléctrica, establecendo en particular comunicacións adicionais antes de proceder a esta, así como indicadores similares aos que existen no ámbito financeiro para facilitar a comparación das distintas ofertas comerciais aos clientes retailistas.

Inclúese un mandato ao Goberno para que, no prazo de tres meses, proceda á aprobación dun real decreto que desenvolva o disposto no artigo 1. Cómpre terse en conta que este real decreto lei introduce innovacións normativas, como a determinación dos suxeitos obrigados a financiar o custo do bono social ou a consideración como esenciais das subministracións a consumidores vulnerables severos, que, para garantir a efectiva protección dos consumidores más vulnerables, fan indispensable unha regulación posterior mediante real decreto.

De igual maneira, prevese que o Goberno colaborará coas administracións públicas competentes na posta en marcha dun rexistro administrativo de puntos de subministración que correspondan aos consumidores referidos no artigo 52.4.j) da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico.

Finalmente, e mentres non se proceda ao desenvolvemento regulamentario das previsións relativas á fixación das porcentaxes de repartición, fíxanse de forma transitoria as porcentaxes de repartición do custo do bono social entre os suxeitos que se definen neste real decreto lei. Para iso, tívose en conta a información dispoñible, sobre os suxeitos e o seu número de clientes, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

Por todo o expresado anteriormente, na adopción do conxunto de medidas que a continuación se aproban concorren as exixencias de extraordinaria e urgente necesidade requiridas polo artigo 86 da Constitución. Extraordinaria e urgente necesidade derivada das razóns xa mencionadas de protección aos consumidores más vulnerables, así como da falta dun mecanismo de financiamento do bono social que compense o custo asumido polas comercializadoras de referencia.

Este real decreto lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> e 25.<sup>a</sup> da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva para determinar as bases e a coordinación da planificación xeral da actividade económica e as bases do réxime mineiro e enerxético, respectivamente.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 23 de decembro de 2016,

**DISPOÑO:****Artigo 1. Modificación da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico.**

A Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, queda modificada nos seguintes termos:

Un. O artigo 45.1 parágrafo segundo queda redactado nos seguintes termos:

«A definición dos consumidores vulnerables e das súas categorías e os requisitos que deben cumplir, así como as medidas que cómpre adoptar para estes colectivos serán determinadas regulamentariamente polo Goberno.»

Dous. O artigo 45.3 pasa a ter unha redacción do seguinte teor:

«3. O bono social cubrirá a diferenza entre o valor do prezo voluntario para o pequeno consumidor e un valor base, que poderá ser distinto segundo as categorías de consumidores vulnerables que se establezan, que se denominará tarifa de último recurso e será aplicado polo correspondente comercializador de referencia nas facturas dos consumidores que estean acollidos a el.

O ministro de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, fixará as tarifas de último recurso.»

Tres. Modifícase o número 4 do artigo 45, que queda coa seguinte redacción:

«4. O bono social e a asunción do custo do cofinanciamento da subministración de enerxía eléctrica daqueles consumidores aos cales lles resulte de aplicación o previsto no artigo 52.4.j) desta lei serán considerados obriga de servizo público segundo o disposto na Directiva 2009/72/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, sobre normas comúns para o mercado interior da electricidade e pola que se derroga a Directiva 2003/54/CE.

O bono social será asumido polas matrices dos grupos de sociedades que desenvolván a actividade de comercialización de enerxía eléctrica, ou polas propias sociedades que así o fagan se non forman parte de ningún grupo societario.

Así mesmo, e co límite máximo que se estableza mediante orde do ministro de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, as citadas sociedades ou grupos de sociedades asumirán a contía que deban achegar para cofinanciar coas administracións públicas competentes o custo da subministración dos consumidores a que fai referencia o artigo 52.4.j).

Estableceranse regulamentariamente os mecanismos e as actuacións necesarios para a asignación das ditas achegas.

A porcentaxe de repartición das cantidades que se van financiar calcularase para cada sociedade ou grupo de sociedades de forma proporcional á cota de clientes aos cales lles subministre enerxía eléctrica, como a relación entre un termo que será o valor medio anual de clientes que corresponda a cada un dos suxeitos obrigados, e outro termo que corresponderá á suma de todos os valores medios anuais de clientes do conxunto de sociedades comercializadoras.

Nos grupos societarios dos cales forme parte máis dunha comercializadora de enerxía eléctrica, o cálculo da cota de clientes aos cales se subministra enerxía eléctrica obterase agregando as cotas individuais de cada unha destas.

Esta porcentaxe de repartición será calculada anualmente pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, de acordo co procedemento e coas condicións que estableza regulamentariamente o Goberno. Para estes efectos, a citada Comisión Nacional publicará anualmente na súa páxina web a información, referida ao período considerado, relativa aos valores medios anuais de clientes de enerxía eléctrica que correspondan a cada un dos suxeitos, así como a relación de sociedades ou grupos de sociedades que considerase na súa proposta, determinada a partir dos datos do último ano completo de que se dispóna.

A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia remitirá anualmente ao Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, no prazo que se estableza regulamentariamente, unha proposta de fixación das porcentaxes de financiamento que correspondan a cada unha das matrices dos grupos de sociedades ou, de ser o caso, ás sociedades que desenvolván a actividade de comercialización de enerxía eléctrica. O ministro procederá á súa aprobación mediante orde que será publicada no «Boletín Oficial del Estado».

En todo caso, as achegas que deba realizar cada un dos suxeitos obligados depositaranse nunha conta específica en réxime de depósito creada para o efecto polo organismo liquidador, que será responsable da súa xestión.

Poderanse establecer regulamentariamente mecanismos para regularizar, en sentido positivo ou negativo, as cantidades achegadas polos distintos suxeitos, recoñecendo, de ser o caso, os dereitos de cobramento ou obrigas de pagamento que correspondan, e garantir a correcta aplicación do previsto no presente artigo.

O mecanismo previsto neste punto será revisado polo Goberno polo menos cada catro anos para adecualo á situación do sector eléctrico.»

Catro. Modifícase o número 3 do artigo 52, que queda coa seguinte redacción:

«3. Sen prexuízo do establecido no ordinal cuarto do presente artigo, nas condicións que regulamentariamente se determinen poderá ser suspendida a subministración de enerxía eléctrica aos consumidores acollidos a prezos voluntarios para o pequeno consumidor ou tarifas de último recurso cando transcorresen polo menos dous meses desde que lles fose requerido fidedignamente o pagamento, sen que este se fixese efectivo. Para estes efectos, o requerimento practicarase por calquera medio que permita ter constancia da recepción por parte do interesado ou do seu representante, así como da data, da identidade e do seu contido.

No caso das categorías de consumidores vulnerables que se determinen regulamentariamente para estes efectos e das administracións públicas acollidas a prezos voluntarios para o pequeno consumidor ou tarifas de último recurso, se, transcorridos catro meses desde o primeiro requerimento, o pagamento non se fixese efectivo, poderase interromper a subministración.»

Cinco. No número 4 do artigo 52 engádese unha alínea j) e modifícase o último parágrafo, que pasa a ter a seguinte redacción:

«j) Nos termos e nas condicións que se establezan regulamentariamente, aquelas subministracións a consumidores que teñan a condición de vulnerables severos acollidos a tarifas de último recurso e que estean sendo atendidos, respecto a estas subministracións, polos servizos sociais das administracións públicas competentes por encontrarse, en atención á súa renda, en risco de exclusión social. Estas subministracións circunscribiranse a persoas físicas na súa vivenda habitual. Todo o anterior deberá ser acreditado mediante documento expedido polos servizos sociais das referidas administracións públicas.

(...)

Salvo no suposto previsto na alínea j), as empresas distribuidoras ou comercializadoras poderán aplicar recargas ou afectar os pagamentos que perciban daqueles dos seus clientes que teñan subministracións vinculadas a servizos declarados como esenciais en situación de morosidade, ao aboamento das facturas correspondentes aos ditos servizos, con independencia da asignación que o cliente, público ou privado, atribuíse a estes pagamentos.»

Seis. Engádense dous puntos ao artigo 64, coa seguinte redacción:

«47. Deixar de ingresar dentro dos prazos legal ou regulamentariamente establecidos as contías que correspondan á repartición do custo do bono social e da contía definidos no artigo 45.4, cando a cantidade anual que debe achegar sexa superior a 5 millóns de euros.

48. O falseamento ou ocultación de datos sobre número de clientes ou enerxía eléctrica subministrada ou de calquera outra información solicitada pola Administración para efectos da aplicación do mecanismo de financiamento do bono social e da contía definidos no artigo 45.4.»

Sete. Engádense tres puntos ao artigo 65, coa seguinte redacción:

«37. Deixar de ingresar dentro dos prazos legal ou regulamentariamente establecidos as contías que correspondan á repartición do custo do bono social e da

contía definidos no artigo 45.4, cando a cantidade anual que debe achegar sexa superior a 500.000 euros e inferior ou igual a 5 millóns de euros.

38. A comunicación de datos inexactos sobre número de clientes ou enerxía eléctrica subministrada ou de calquera outra información solicitada pola Administración para efectos da aplicación do mecanismo de financiamento do bono social e da contía definidos no artigo 45.4, cando supoña un beneficio para o infractor.

39. O atraso na comunicación dos datos sobre número de clientes ou enerxía eléctrica subministrada ou de calquera outra información solicitada pola Administración, que impida a determinación ou fixación das porcentaxes de financiamento do bono social e da contía definidos no artigo 45.4.»

Oito. Engádense catro puntos ao artigo 66, coa seguinte redacción:

«8. Deixar de ingresar dentro dos prazos legal ou regulamentariamente establecidos as contías que correspondan á repartición do custo do bono social e da contía definidos no artigo 45.4, cando a cantidade anual que debe achegar sexa igual ou inferior a 500.000 euros.

9. A comunicación de datos inexactos sobre número de clientes ou enerxía eléctrica subministrada ou de calquera outra información solicitada pola Administración para efectos da aplicación do mecanismo de financiamento do bono social e da contía definidos no artigo 45.4, cando non supoña un beneficio para o infractor.

10. O atraso na comunicación dos datos sobre o número de clientes ou a enerxía eléctrica subministrada ou de calquera outra información solicitada pola Administración, que non impida a determinación ou fixación das porcentaxes de financiamento do bono social e da contía definidos no artigo 45.4.

11. Calquera outro incumprimento dos deberes e obrigas derivados do mecanismo de repartición do custo do bono social e da contía complementaria definidos no artigo 45, que non constitúa infracción moi grave ou grave.»

#### Artigo 2. *Medidas de protección aos consumidores vulnerables.*

O Goberno impulsará as medidas de protección e de mellora de transparencia na contratación da subministración dos consumidores vulnerables.

Así mesmo, colaborará coas administracións públicas competentes na posta en marcha dun rexistro administrativo de puntos de subministración que correspondan aos consumidores referidos no artigo 52.4.j) da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, con pleno respecto ao disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

#### Disposición transitoria única. *Mecanismo para o financiamento transitoria do custo do bono social previsto no artigo 45 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico.*

1. Desde a entrada en vigor deste real decreto lei e ata que teña lugar o desenvolvemento regulamentario previsto no artigo 45.4 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, na redacción dada polo presente real decreto lei, resultarán de aplicación, para efectos do financiamento do bono social, as porcentaxes de repartición previstas no anexo.

As achegas que deban realizar cada unha das ditas sociedades depositaranse nunha conta específica en réxime de depósito creada para o efecto polo organismo encargado das liquidacións, que será responsable da súa xestión. No caso de sociedades que formen parte dun grupo de sociedades, corresponderá á respectiva matriz ou sociedade dominante, determinada conforme o previsto no artigo 42.1 do Código de comercio, realizar a achega que resulte da agregación das porcentaxes de repartición individuais de cada unha das sociedades comercializadoras que integran o dito grupo.

Para estes efectos, antes do día 15 de cada mes os comercializadores de referencia deberán presentar á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia a información da facturación correspondente ao mes anterior dos consumidores aos cales lles aplicaron o bono social, con desagregación de períodos e facturación, para determinar a contía total do bono social aplicado e as liquidacións asociadas. As achegas que deban realizar cada unha das ditas sociedades depositaranse nunha conta específica en réxime de depósito creada para o efecto polo organismo encargado das liquidacións, que será responsable da súa xestión.

O primeiro período de desagregación comprenderá desde a entrada en vigor deste real decreto lei ata o 31 de decembro de 2016.

2. No dito desenvolvemento regulamentario establecerase o mecanismo para regularizar, en sentido positivo ou negativo, as cantidades que sexan achegadas para o financiamento do bono social conforme o previsto nesta disposición transitoria, así como para recoñecer, de ser o caso, os dereitos de cobramento ou obrigas de pagamento que correspondan.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas todas as normas de igual ou inferior rango en canto contradigan ou se opoñan ao disposto no presente real decreto lei.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> e 25.<sup>a</sup> da Constitución española, que lle atribúen a competencia exclusiva para determinar as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e as bases do réxime mineiro e enerxético, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento regulamentario.*

No prazo máximo de tres meses desde a validación deste real decreto lei, o Goberno, por proposta do ministro de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, aprobará un real decreto que desenvolva o disposto no artigo 1 deste real decreto lei.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 23 de decembro de 2016.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,  
MARIANO RAJOY BREY

**ANEXO****Porcentaxes de repartición do bono social**

Sociedade	Porcentaxe de repartición asignada
IBERDROLA CLIENTES, S.A.U. ....	21,959937
ENDESA ENERGÍA XXI, S.L.U. ....	20,699746
ENDESA ENERGÍA, S.A. ....	16,967865
IBERDROLA COMERCIALIZACIÓN DE ÚLTIMO RECURSO, S.A.U. ....	13,538991
GAS NATURAL S.U.R., SDG S.A. ....	8,191139
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A. ....	7,442031
EDP ENERGÍA, S.A.U. ....	2,286815
CIDE HCENERGÍA. ....	1,430867
VIESGO ENERGÍA, S.L. ....	1,359026
VIESGO COMERCIALIZADORA DE REFERENCIA, S.L. ....	0,812955
EDP COMERCIALIZADORA DE ÚLTIMO RECURSO, S.A. ....	0,809596
FENIE ENERGÍA, S.A. ....	0,750418
EDP COMERCIALIZADORA, S.A.U. ....	0,454460
COMERCIALIZADORA ELÉCTRICA DE CÁDIZ, S.A. ....	0,217154
GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. ....	0,210083
CLIDOM ENERGY, S.L. ....	0,195203
AUDAX ENERGÍA, S.A. ....	0,177346
FACTOR ENERGÍA, S.A. ....	0,146251
SOM ENERGÍA, S.C.C.L. ....	0,109256
GASELEC DIVERSIFICACIÓN, S.L. ....	0,107484
NEXUS ENERGÍA, S.A. ....	0,103225
ENÉRGYA VM Gestión de Energía, S.L.U. ....	0,102548
EMPRESA DE ALUMBRADO ELÉCTRICO DE CEUTA, S.A. ....	0,100496
WATIUM, S.L. ....	0,095760
BASSOLS ENERGÍA COMERCIAL, S.L. ....	0,071642
ALDRO ENERGÍA Y SOLUCIONES, S.L.U. ....	0,058406
ELÉCTRICA DEL EBRO, S.A. ....	0,058383
ELECTRA ENERGÍA, S.A.U. ....	0,053284
AGUAS DE BARBASTRO ENERGÍA, S.L. ....	0,052063
ESTABANEL Y PAHISA MERCATOR, S.A. ....	0,048309
COOPERATIVA ELÉCTRICA BENÉFICA SAN FRANCISCO DE ASÍS, COOP. V. ....	0,048139
AGRI-ENERGÍA, S.A. ....	0,045690
UNIELÉCTRICA ENERGÍA, S.L. ....	0,043576
ELECTRA CALDENSE ENERGÍA, S.A. ....	0,042482
HIDROELÉCTRICA DEL VALIRA, S.L. ....	0,041349
SOCIEDAD ELECTRICISTA DE TUY, S.A. ....	0,039194
ELÉCTRICA SERONSE, S.L. ....	0,037993
ELECTRA DE ALTO MIÑO COMERCIALIZADORA DE ENERGÍA, S.L.U. ....	0,035500
INTEGRACIÓN EUROPEA DE ENERGÍA, S.A.U. ....	0,034691
COMPAÑÍA ESCANDINAVA DE ELECTRICIDAD EN ESPAÑA, S.L. ....	0,033543
ADURIZ ENERGÍA, S.L.U. ....	0,032922
ELÉCTRICA SOLLERENSE, S.A. ....	0,031908
GESTERNOVA, S.A. ....	0,027394
ALCANZIA ENERGÍA, S.L. ....	0,026968
HIDROELÉCTRICA EL CARMEN ENERGÍA, S.L. ....	0,025315
ELECTRA DEL CARDENER ENERGÍA, S.A. ....	0,023514
ELÉCTRICA DE CALLOSA DE SEGURA, C.V. ....	0,022933

Sociedade	Porcentaxe de repartición asignada
AURA ENERGÍA, S.L.	0,021985
SUMINISTROS ESPECIALES ALGINETENSES COOP.V	0,020887
HIDROELÉCTRICA DE SILLEDA, S.L.	0,020427
COOPERATIVA ELÉCTRICA-BENÉFICA ALBATERENSE, COOP. V.	0,019290
HIDROELÉCTRICA LUMYMEY, S.L.	0,017586
COMERCIALIZADORA LERSA, S.L.	0,015906
ELECTRA NORTE ENERGÍA, S.A.	0,015501
GOIENER S. COOP.	0,015308
ELECTRACOMERCIAL CENTELLES, S.L.	0,014738
ENERCOLUZ ENERGÍA, S.L.	0,014653
CARVISA ENERGÍA, S.L.	0,014606
PEPEENERGY, S.L.	0,014454
ELECTRA AVELLANA COMERCIAL, S.L.	0,014189
NABALIA ENERGÍA 2000, S.A.	0,012738
MOSCOSO ENERGÍA, S.L.	0,012463
LA UNIÓN ELECTRO INDUSTRIAL, S.L. «UNIPERSONAL»	0,012189
MADRILEÑA SUMINISTRO DE GAS, S.L.	0,011878
COOPERATIVA ELÉCTRICA BENÉFICA CATRALENSE, COOP. V.	0,011777
TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA S.A.U.	0,011249
ELÉCTRICA DE GUADASSUAR COOP. V.	0,010804
ADS ENERGY 8.0, S.L.	0,010402
ELÉCTRICA VAQUER ENERGÍA, S.A.	0,010399
ENERGÍAS DE BENASQUE, S.L.	0,010362
GODAY ENERGÍA, S.L.	0,010149
AVANZALIA ENERGÍA COMERCIALIZADORA, S.A.	0,009880
COMERCIALIZADORA RIOJANA DE ENERGÍA, S.L.	0,009763
GRUPO ENERGIALICIA, S.L.	0,009761
ZELTRIA ENERGÍA, S.L.	0,009661
A-DOS ENERGÍA, S.L.	0,009369
RESPIRA ENERGÍA, S.L.	0,009362
GALP ENERGÍA ESPAÑA S.A.U.	0,009066
ELÉCTRICA SERRANÍA DE RONDA ENERGÍA, S.L.	0,008928
AXPO IBERIA, S.L.	0,008881
SOLELEC IBÉRICA, S.L.	0,008880
COOPERATIVA ELÉCTRICA DE CASTELLAR, S.C.V.	0,008843
FOX ENERGÍA, S.L.	0,008347
ELECTRA CUNTIENSE, S.L.U.	0,008245
ON DEMAND FACILITIES, S.L.	0,008122
COMPAÑÍA DE ELECTRIFICACIÓN, S.L.	0,008099
AGENTE DEL MERCADO ELÉCTRICO, S.A.	0,008025
MULTIENERGÍA VERDE, S.L.	0,007848
ELÉCTRICA DEL POZO, S.COOP. MAD.	0,007804
CHC COMERCIALIZADOR DE REFERENCIA, S.L.U.	0,007795
ELÉCTRICA NTRA. SRA. DE GRACIA SDAD. COOP. VALENCIANA	0,007758
ELÉCTRICA DE MELIANA, S.C.V.	0,007703
ACCIONA GREEN ENERGY	0,007234
LABOIL ENERGÍA, S.L.	0,007077
INER ENERGÍA CASTILLA LA MANCHA, S.L.	0,006796
IBEROELECTRA 3000, S.L.	0,006788
ENERXÍA GALEGA MÁIS, S.L.	0,006579

Sociedade	Porcentaxe de repartición asignada
EMPRESA MUNICIPAL DE DISTRIBUCIÓN DE ENERGÍA ELÉCTRICA DE ALMENAR, S.L.	0,006317
ELÉCTRICA DE GUIXES ENERGÍA, S.L.	0,006106
SUNAIR ONE ENERGY, S.L.	0,006086
GLOBAL BIOSFERA PROTEC, S.L.	0,005903
ESTRATEGIAS ELÉCTRICAS INTEGRALES, S.A.	0,005864
ELÉCTRICA MUNICIPAL DE SANTA COLOMA DE QUERALT, S.L.	0,005755
FLUIDO ELÉCTRICO MUSEROS, SCV	0,005550
ELÉCTRICA POPULAR, S. COOP. MAD.	0,005435
ENERGÍA COLECTIVA, S.L.	0,005211
ELÉCTRICA DE VINALESA, S.L.U.	0,005209
FLUID ELECTRIC CAMPRODON II, S.L.	0,004731
INSERIMOS ENERGÍA, S.L.	0,004136
ENERGÍA DLR COMERCIALIZADORA, S.L.	0,004093
DAIMUZ ENERGÍA, S.L.	0,004004
ARACÁN ENERGÍA, S.L.	0,003853
ENELUZ 2025, S.L.	0,003743
EMPRESA MUNICIPAL DE ENERGÍA ELÉCTRICA TORRES DE SEGRE, S.L.	0,003734
EVERGREEN ELÉCTRICA, S.L.	0,003580
NOBE SOLUCIONES E ENERGÍA, S.L.	0,003381
DISTRIBUIDORA ELÉCTRICA D'ALBATERREC, S.L.	0,003355
ELÉCTRICAS COLLADO BLANCO, S.L.	0,003333
EMPRESA DE ALUMBRADO ELÉCTRICO DE CEUTA COM. DE REFERENCIA, S.A.U.	0,003277
PETRONIEVES ENERGÍA 1, S.L.	0,003263
ATLAS ENERGÍA COMERCIAL, S.L.	0,003242
CONSISA, COMUNICACIÓN, MARKETING Y SERVICIOS, S.L.	0,003183
ELECTRO SALLENT DE GÁLLEGO, S.L.	0,003163
OLE GREEN ENERGY, S.L.U.	0,003156
AURORA ENERGY SUPPLI, S.L.	0,003006
SYDER COMERCIALIZADORA VERDE, S.L.	0,002995
ELECTRODISTRIBUIDORA DE FUERZA Y ALUMBRADO CASABLANCA, S.COOP.V.	0,002867
ADELFA ENERGÍA, S.L.	0,002842
GAOLANIA SERVICIOS, S.L.	0,002826
SERVICIOS URBANOS DE CERLER, S.A.	0,002799
INDEXO ENERGÍA, S.L.	0,002761
ELURENERGÍA VERDE, S.L.	0,002758
ELÉCTRICA DE SOT DE CHERA S. COOP.V.	0,002589
ELÉCTRICA DE CHERA, S.C.V.	0,002574
ELÉCTRICAS LA ENGUERINA, S.L.U.	0,002570
INSIGNIA ENERGÍA, S.L.	0,002532
DREUE ELECTRIC, S.L.	0,002396
ELÉCTRICA ANTONIO MADRID, S.L.	0,002348
CEPSA GAS Y ELECTRICIDAD, S.A.	0,002325
NINOBE SERVICIOS ENERGÉTICOS, S.L.	0,002317
ELÉCTRICA ALGIMIA DE ALFARA, S.COOP.V.	0,002308
ENERGÍAS DE LA VILLA DE CAMPO, S.L.U.	0,002290
CORPORACIÓN ALIMENTARIA GUISSONA, S.A.	0,002218
ELÉCTRICA NURIEL	0,002104
ENARA GESTIÓN Y MEDIACIÓN, S.L.	0,002089

Sociedade	Porcentaxe de repartición asignada
IBERELÉCTRICA COMERCIALIZADORA, S.L.	0,002070
WATIO WHOLESALE, S.L.	0,002000
ELÉCTRICA ALBATERENSE, S.L.	0,001959
AVALIA ENERGÍA.	0,001887
COMPAÑÍA LUMISA ENERGÍAS, S.L.	0,001803
ANOTHER ENERGY OPTION, S.L.	0,001743
ELÉCTRICA SALAS DE PALLARS, S.L.	0,001525
ENERGÍAS DE PANTICOSA, S.L.	0,001519
ENERGY BY COGEN, S.L.	0,001499
ELÉCTRICAS HIDROBESORA, S.L.	0,001488
CYE ENERGÍA, S.L.	0,001467
CATGAS ENERGÍA, S.A.	0,001388
PREMIUM NUEVA ENERGÍA, S.L.	0,001334
ENERPLUS ENERGÍA, S.A.	0,001302
AHORRO ENERGÍA HOGAR INVESTMENTS, S.L.	0,001230
ENERGÍA NARANJA, S.L.	0,001147
ELÉCTRICA SUDANELL, S.L.	0,001089
SAMPOL INGENIERÍA Y OBRAS, S.A.	0,001084
ENERGÍAS DEL ZINQUETA, S.L.	0,001075
FOENER COMERCIALIZACIÓN, S.L.U.	0,001064
TALARN DISTRIBUCIÓ MUNICIPAL ELÉCTRICA DE LLAVORSI, S.L.	0,001009
ELYGAS POWER, S.L.	0,000992
ENERGY STROM XXI, S.L.	0,000989
SWAP ENERGÍA, S.A.	0,000989
STAGIONI ENERGÍA RENOVABLES, S.L.	0,000971
ELEVA 2 COMERCIALIZADORA, S.L.	0,000961
DISTRIBUCIÓN ELÉCTRICA CARIDAD E ILDEFONSO, S.L.	0,000924
LLUM D'AÍN	0,000893
FLIP ENERGÍA, S.L.	0,000885
ENGIE ESPAÑA, S.L.U.	0,000882
ECOEQ ENERGÉTICA, S.L.	0,000879
GESTINER INGENIEROS, S.L.	0,000874
EMPRESA MUNICIPAL DE DISTRIBUCIÓN D'ENERGÍA ELÉCTRICA DE PONTS	0,000865
NEXUS RENOVABLES, S.L.	0,000840
EPRESA ENERGÍA, S.A.U.	0,000791
DISTRIBUIDORA ELÉCTRICA DE MONTOLIU, S.L.	0,000788
ELÉCTRICA DE MONTSEC, S.L.	0,000705
ENEL GREEN POWER ESPAÑA, S.L.	0,000690
MY ENERGÍA ONER, S.L.	0,000663
SERVGAS S. XXI, S.A.	0,000654
LONJAS TECNOLOGÍA, S.A.	0,000649
WIND TO MARKET, S.A.	0,000645
SUNAIR ONE HOME, S.L.	0,000622
COMERCIALIZADORA ELÉCTRICA DEL SURESTE, S.L.	0,000601
SUMINISTRADORA ELÉCTRICA VIENTOS ALÍSEOS DE LANZAROTE, S.L.	0,000573
COMERCIAL Y ASESORA DE ELECTRICIDAD, S.L.	0,000564
GIGABUSINESS, S.L.	0,000546
COOPERATIVA VALENCIANA ELECTRODIST. DE FUERZA Y ALUMBRADO SERRALLO, S.COOP.V.	0,000524
AQUÍ ENERGÍA, S.L.	0,000510
THE YELLOW ENERGY, S.L.	0,000502

Sociedade	Porcentaxe de repartición asignada
APELES ELECTRICIDAD, S.L.	0,000495
INTEGRACIÓN EUROPEA DE ENERGÍA NORTE, S.L.	0,000441
CEMOI ELECTRICITE, S.L.	0,000411
FORTIA ENERGÍA, S.L.	0,000396
ENERGÍA OPERATIVA, S.L.	0,000396
ELÉCTRICA CATALANENSE, S.L.	0,000387
VOLTICO ENERGÍA, S.L.	0,000371
GEO ALTERNATIVA, S.L.	0,000348
NOSA ENERXÍA SOCIEDADE COOP. GALEGA	0,000333
RENEWABLE VENTURES, S.L.	0,000330
HORECA ENERGÍA, S.L.	0,000328
ENERGÍA EUROPEAS DE COMERCIALIZACIÓN, S.L.	0,000328
TRADE UNIVERSAL ENERGY, S.A.	0,000321
PROT ENERGÍA COMERCIALIZACIÓN, S.L.	0,000316
ENERGYSAVE PROJECTS, S.L.	0,000297
ABOUT WHITE, S.L.	0,000297
GAS NATURAL SDG, S.A.	0,000281
REYSE ENERGÍA, S.L.	0,000265
ENERGY TRADER SOLUTIONS, S.L.	0,000250
ELEGRAND ENERGÍA, S.L.	0,000246
IM3 ENERGÍA, S.L.	0,000237
ELECNOVA SIGLO XXI, S.L.	0,000237
INICIATIVA E. NOVA, S.L.	0,000220
EXPORT INNOVATION GROUP, S.L.	0,000215
ACCIÓN ENERGÍA COMERCIALIZADORA, S.L.	0,000206
ASAL DE ENERGÍA, S.L.	0,000190
CATENERIBAS, S.L.	0,000183
ENERGIKA ENERGÍA, S.L.	0,000176
ELÉCTRICA DIRECTA ENERGÍA, S.L.	0,000146
FORTULUZ, S.L.U.	0,000146
HEFAMECOM, S.A.U.	0,000142
NUEVA COMERCIALIZADORA ESPAÑOLA, S.L.	0,000138
RONDA OESTE ENERGÍA, S.L.	0,000135
FUSIONA COMERCIALIZADORA, S.A.	0,000131
MI ELÉCTRICA, S.L.	0,000115
EMASP, S. COOP.	0,000112
DRK ENERGY, S.L.	0,000107
INTEGRACIÓN EUROPEA DE ENERGÍA SUR, S.L.	0,000104
ENERGEA SAVING ENERGY, S.L.	0,000100
CORPOLUX, S.L.	0,000097
ADEINNOVA ENERGÍA, S.L.U.	0,000096
LUX FORUM, S.L.U.	0,000080
COMERCIALIZADORA DE ENERGÍA BENUZA Y BAÑESA, S.L.	0,000066
ROFEICA ENERGÍA, S.A.	0,000058
GESTIONA ENERGÍA, COMERCIALIZADORA ENERGÉTICA, S.L.	0,000053
ENÉRGYA VM Generación, S.L.U.	0,000048
VILLAR MIR ENERGÍA, S.L.	0,000038
GEOATLANTER, S.L.	0,000036
LUVON ENERGÍA, S.L.	0,000033
SHELL ESPAÑA, S.A.	0,000030
NEMON INTELLIGENCE IN BUSINESS, S.L.	0,000029

Sociedade	Porcentaxe de repartición asignada
MUNICIPAL DE SERVICIOS VILLAHERMOSANA, S.L. ....	0,000027
JORGE ENERGY, S.L. ....	0,000021
LUBALOO, S.L. ....	0,000021
ALDEFE COMERCIALIZADORA DE ENERGÍA, S.L.U. ....	0,000021
GNERA ENERGÍA Y TECNOLOGÍA, S.L. ....	0,000019
ENERGÍA LIBRE COMERCIALIZADORA, S.L. ....	0,000018
ELECTRA CUNTIENSE COMERCIALIZADORA, S.L.U. ....	0,000017
TERAMELCOR, S.L. ....	0,000014
THE ENERGY HOUSE GROUP, S.L. ....	0,000014
UNIC GLOBAL-LOGISTICS, S.L. ....	0,000014
SWITCH ENERGY, S.L. ....	0,000010
ENÉRGYA VM ENERGÍAS ESPECIALES, S.L.U. ....	0,000007
PULSAR SERVICIOS ENERGÉTICOS, S.L. ....	0,000005
ALPAPAT, S.L.U. ....	0,000003
ALPIQ ENERGÍA ESPAÑA, S.A.U. ....	0,000003
NAVARRO GENERACIÓN, S.A. ....	0,000003
GRUPO ENERGÉTICO ASECOR, S.L. ....	0,000003
TECNOS INGENIEROS OBRA CIVIL, HIDRÁULICA E INSTALACIONES, S.L.L. ....	0,000003
ECOEQ ALMERÍA, S.L. ....	0,000003
TOTAL XERAL ....	100,000000